



Tribunal proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición libre, de nove prazas de bombeiro-condutor do Servizo Municipal de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ás ofertas de emprego dos anos 2018, 2019 e 2020 (BOP 18/09/2020)

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

Resolución do 30 de setembro, pola que se procede a dar publicidade ás puntuacións definitivas do cuarto exercicio, consistente nas probas de aptitude físico- profesional, e se anuncia as citacións para o recoñecemento médico

Este Tribunal de selección, reunido en sesión do 29 de setembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.- **Puntuacións definitivas do 4º exercicio:** As puntuacións provisionais do 4º exercicio deste proceso selectivo foron anunciadas por Resolución do Tribunal do 6 de setembro de 2021, que foi publicada na web do Concello de Santiago de Compostela o 20/09/2021. Transcorrido o prazo de 5 días hábiles para a presentación de reclamacións non se presentou ningunha, polo que se acorda elevar a definitivas as puntuacións provisionais que figuran na citada Resolución.

2.- **Desenvolvemento do 5º exercicio:** Proba de coñecemento da lingua galega. As bases específicas deste proceso selectivo, publicadas mediante Resolución da Concelleira delegada de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da administración local do 3 de setembro de 2020 (BOP n.º 155, do 18/09/2020), establecen na base Terceira- A para o dito exercicio (páxina 6), que “Para o caso dos aspirantes que teñan acreditado posuír certificado CELGA III ou equivalente, estarán exentos da realización da proba e obterán automaticamente a puntuación máxima establecida para este quinto exercicio.”

En consecuencia co exposto, e dado que a totalidade dos aspirantes que superaron o 4º exercicio están en posesión do citado certificado, este Tribunal acorda eximilos da súa realización, asignando a todos eles a puntuación máxima establecida para este quinto exercicio, establecida en 2 puntos.

3.- **Recoñecemento médico:** Na base Terceira- A.2 das bases específicas que regulan este proceso selectivo, sobre o recoñecemento médico, establece que “Rematada a cualificación do quinto exercicio, o Tribunal convocará por orde de prelación un número de aspirantes igual ao de prazas convocadas, mais catro adicionais, para a realización do recoñecemento médico.” En consecuencia, dado que o n.º de aspirantes que continúan no proceso selectivo, unha vez concluído o quinto exercicio e a falta do desenvolvemento do sexto e último exercicio (de carácter eliminatorio), ascende a 12, e o n.º de prazas convocadas para a súa cobertura a través deste proceso selectivo ascende a 9, este Tribunal convoca a totalidade dos aspirantes que continúan no proceso selectivo para a realización do recoñecemento médico.

O recoñecemento médico terá carácter eliminatorio e rexerá polo cadro de aptitude médica que figura no Anexo VI das bases desta convocatoria.

A continuación indícase por orde de prelación o lugar, día e hora de citación de cada aspirante para a realización do recoñecemento médico:



Tribunal proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de oposición libre, de nove prazas de bombeiro-condutor do Servizo Municipal de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ás ofertas de emprego dos anos 2018, 2019 e 2020 (BOP 18/09/2020)

Lugar de realización: CLINICA GAIAS (Rúa Jame Quesada, 2 baixo - 15702 Santiago de Compostela)

Apelidos e nome	Día	Hora
MORÍN JIMÉNEZ, ANTONIO	7 de outubro	8:00
MAYO GIRAUT, BRAIS	7 de outubro	8:20
CORBACHO MAURICIO, JORGE	7 de outubro	8:40
PAZ SOBREIRA, DIEGO	7 de outubro	8:50
GONZÁLEZ NOYA, CLODIO	7 de outubro	9:10
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, ELIAS	7 de outubro	9:30
SEOANE COUTO, ROBERTO	8 de outubro	8:00
VILLAVERDE PARADA, YAGO	8 de outubro	8:20
ROCA GONZÁLEZ, ADRIÁN	8 de outubro	8:40
LISTE RECAREY, JOSE DANIEL	8 de outubro	8:50
TAIBO CASTRO, MARIO	8 de outubro	9:10
PRIETO RIVAS, JAVIER	8 de outubro	9:30

Os aspirantes convocados deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Establécense as seguintes recomendacións para acudir ao recoñecemento médico:

- Acudir en xaxún, mínimo de 4 horas (recomendable 8 horas). Pódese beber auga. No caso de padecer diabetes Mellitus débese comunicalo ao chegar.
- Caso de ter algún diagnóstico establecido e/ou tratamento é necesario aportar un informe do seu médico de familia informando ao respecto.
- Caso de emplear gafas, é necesario levalas ao recoñecemento médico.
- É recomendable acudir coa cartilla de vacinacións.
- Caso de ter recoñecida algunha discapacidade, débese aportar o certificado acreditativo da tipoloxía de discapacidade recoñecida.

Santiago de Compostela, a 30 de setembro de 2021

O Presidente do tribunal
Modesto Rouco Vilar

Concello
de Santiago de Compostela
Tribunal prazas bombeiro.
Condutor
Resolución conv. 03/09/2020